

CLASE ELEMENTO: Arquitectura	TIPOLOXÍA: Civil	VISITA 12
DENOMINACIÓN DO BEN: Pazo de Mendoza, Casa do Deán; casa de Besada e Isla (anos 30); Pedro de Castro, Las Verísimas; Pazo da Escola (hoxe)		
TITULARIDADE: Privada (Dina Fraga Alonso)	UBICACIÓN: Mañufe (S. Vicente)/Barrio Moreira nº10	
CONTORNO: Conxunto pacego que conserva a antiga lareira, o antigo forno de pan, o hórreo; un muro pecha todo o predio, con dúas portadas de acceso: unha de reducidas dimensións, lintelada e con cruz no remate; e a principal con dobre portón, dúas pilastras e remate en cornixa moldurada, con cruz central.		
	BIBLIOGRAFÍA:	
	AMIGOS DE LOS PAZOS: Inventario Pazos y Torres. Tomo 1 Vigo, 1973. (Páxina 67). CATASTRO DO MARQUÉS DE LA ENSENADA: Real de Eclesiásticos correspondiente a la parroquia de S. Vicente de Mañufe", C-606, folios 50-51. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. PEREIRA MOLARES, Ana M^a: La arquitectura del Pazo en Vigo y su comarca. C.O.A.G. 1979. (Páxinas 174, 177-179) SOLIÑO TRONCOSO, Manuel; MOSQUERA VELEIRO, José Luis; SOLIÑO TRONCOSO, Alfonso; SOLIÑO TRONCOSO, Antonio: Gondomar. Historia, Arte y Territorio. Ir Indo Ed. (Pp 341-343)	
DESCRICIÓN:		
<p>Construcción do século XVIII, por mandato de don Policarpo de Mendoza, tendo que ser posterior a 1750, xa que está recollida no Catastro do Marqués de Ensenada: <i>"... una casa terreneña, al sito de Pedregal, haze de frente 4 varas y 7 de fondo..."</i> A documentación indica que estaba rematada no 1769 (no Ano da Fame).</p> <p>Conxunto pacego de estilo barroco galego inicial. Planta en forma de U, aínda que as súas ás laterais apenas desenvólvense.</p> <p>A súa fachada principal, en ángulo, posúe unha escalinata de dobre rampa con barandilla de ferro, que ábrese a un patín sustentado sobre catro columnas. Soportal con arcos de medio punto nesta cuxía.</p> <p>Na outra ala tamén existe unha escaleira de dobre rampa.</p> <p>Na fachada principal atopamo-lo blasón coas armas dos Mendoza e con fornelas baleiras a ambos lados, enmarcadas con molduras.</p> <p>Na fachada posterior apreciamos unha solana moi transformada e unha cheminea de grandes dimensións con remates de pináculos.</p> <p>Hoxe casa de turismo rural. Pazo carente de capela, como era típico deste tipo de construción, por mor da proximidade da parroquial.</p>		